

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 18 DE MARZO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezoito de marzo de dous mil vinte; as doce horas e dez minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros/as : Dona María Luz Expósito Pérez, dona Clara Loeda Soto, don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Fica aprobada.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

-Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común con rexistro de entrada no concello de 12 de marzo de 2020 , número 1448:

Exposición de Motivos: En relación coas medidas que outras Administracións están a adoptar con motivo da crise do Coronavirus COVID-19

Solicitamos:

Que o concello de Ribadavia aplique protocolos e medidas semellantes naquelas áreas que son da nosa competencia , comezando por cancelar eventos e actividades que supoñen reunión e concentración de xente.

O noso grupo queda a disposición do goberno local para o que estime.

A xunta de goberno local acorda tomar coñecemento e agradecer a posta a disposición.

-Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello 2020-E-RE-61:

Exposición de Motivos : En relación coas medidas que se están adoptando por parte do Concello de Ribadavia e por parte da Xunta e do goberno do Estado ante a crise sanitaria polo COVID-19, coronavirus, tralo decreto que aplica o estado de Alarma para todo o territorio durante quince días, como mínimo, podendo estenderse no tempo e adoptar outras medidas que sexan precisas.

SOLICITAMOS: Agradecendo que aos grupos se nos estivera dando información, Ribeiro en Común, tal e como xa foi trasladado polo noso portavoz á Alcaldía, solicitamos unha xuntanza de portavoces para avaliar a situación e a posibilidade de adoptar novas medidas, de consenso, para o noso Concello.

As posibles medidas para ser estudadas e adoptadas, propoñemos:

1. Que ante a situación de necesario confinamento da poboación nas nosas casas, o Concello adopte medidas complementarias para garantir que a poboación de risco e de mobilidade reducida non vexan mermada a súa calidade de vida e poidan manter satisfeitas con garantías as súas necesidades básicas de alimentación, sanidade e hixiene, entre outras, sempre na medida do posible e en cumprimento da legalidade e restricións impostas.
2. Que se colabore, dentro das nosas posibilidades, facilitando a conciliación daquelas familias con crianzas nas que os adultos teñan que saír para desenvolver a súa actividade laboral, facilitando o coidado dos máis pequenos coas precaucións debidas e conforme ás restricións actuais impostas.
3. Que se faciliten os medios materiais e a formación precisa para que os traballadores municipais poidan desenvolver o seu traballo diario con garantías e coas precaucións sanitarias debidas. Que para atender as situacións descritas, se habilite un espazo na páxina web e un telefono do concello para a atención cidadá e a inscrición de voluntariado que poida estar interesado en axudar ás persoas de risco, mobilidade reducida e coidado de crianzas, sendo sempre persoas maiores de idade, que non pertencen a grupos de poboación de risco e adoptando as medidas de precaución que a emerxencia sanitaria require e cumprindo coa legalidade e restricións impostas.
5. Que se adopten outras medidas que se estimen oportunas en complemento de todo o citado con anterioridade.
6. En relación cunha posible constitución e convocatoria da **COMISIÓN MUNICIPAL DE SEGUIMIENTO DO COVID19**, esta se faga extensible na súa composición e información ás portavocías de todos os grupos municipais, co obxectivo de reforzar a resposta municipal en favor da nosa sociedade e do pobo ribadaviense.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

-Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común , con rexistro de entrada no concello 2020-E-RE-62 :

Exposición de Motivos : En relación coas medidas que se están adoptando por parte do Concello de Ribadavia e por parte da Xunta e do goberno do Estado ante a crise sanitaria polo COVID-19, coronavirus, tralo decreto que aplica o estado de Alarma para todo o territorio durante quince días, como mínimo, podendo estenderse no tempo e adoptar outras medidas que sexan precisas.

SOLICITAMOS: Como continuidade do escrito rexistrado hoxe mesmo, o noso grupo despois de coñecer situacións anómalas e de incumprimento da Declaración de Alarma vixente, reclama:

1. Que se tomen medidas de protección aos traballadores municipais así como aos traballadores das concesionarias e das empresas adxudicatarias. Que o Concello adopte medidas para evitar a exposición dos seus traballadores, mesmo chegando ao cese da actividade se fora preciso.
2. Que o Concello lle reclame e esixa, de acordo ao Decreto do goberno, ás direccións de todas as empresas que existen no termo municipal que se adopten medidas de urxencia para protexer aos seus

traballadores, provedores e clientes. Que se lles notifique polos mecanismos máis acidos dadas as circunstancias.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

-Escrito de dona Noelia Rodríguez Travieso, concelleira do grupo municipal PSG-PSOE, con rexistro de entrada no concello número 1462 de 13 de marzo de 2020 :

“ Debido os derradeiros acontecementos e co obxectivo de reducir as posibilidades de contaxio e de intentar minimizar a propagación e incidencia do COVID-19 (Coronavirus) , Solicitamos, que se tomen medidas de control para disminuir o efecto que poida ter na nosa sociedade para garantir o benestar da poboación, especialmente dos traballadores municipais que fan labores de atención ó público, polo que solicitamos que se dote de dispensadores de hixiene e desinfección de mans en cada un dos edificios e dependencias municipais.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

-Escrito con rexistro de entrada no concello número 1399 de 10 de marzo de 2020 de D^a Noelia Rodríguez Travieso , concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello de Ribadavia , en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro , sobre Regulamento de Organización ,Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte:

Solicitude

O Grupo Municipal Socialista de Ribadavia fai meses que ven detectando diferentes deficiencias en Francelos. O descoido de esta parroquia é preocupante para os veciños/as que así nolo fagan chegar.

Un dos lugares máis visitados do concello pola importancia da súa xoia arquitectónica , é a capela prerrománica de San Xes que data do S IX, considerada Ben de Interese Cultural no 1985. Un ben que se atopa nunha situación de total abandono en toda a súa contorna e que ademais sofre deterioro na parte interna con paredes estragadas por mor da humidade, teito con filtracións , vigas en mal estado. Instamos a que se recupere canto antes o proxecto retirado a San Xes que tiña previsto o anterior goberno e contemplaba todas estas medidas.

Son moitos os turistas que se queixan e lamentan a deixadez desta ermida de grande interese , cheganda a facer comentarios aos veciños do tipo: “ é unha pena como está de descoidado”; “ un lugar tan importante non pode estar así”; “ aquí quen goberna” (literal)

O parque infantil leva dúas semanas pechado con cintas, debido ao mal estado dos xogos infantís. Precísase un cambio inmediato desta zona como se fixo na anterior lexislatura en moitas outras parroquias, CRA Amencer e parques de Ribadavia.

Francelos ten moitas rúas con parte do firme cheo de auténticas fochancas, entrada á Praza do Cruceiriño, Rúa das Laxas, O Ramal, a rúa da Aldea, (porta de entrada á mencionada Capela de San Xes) , o paseo de A Barca... Esta situación é moi seria e insostible.

As promesas de limpeza das rúas das parroquias e os colectores de lixo, finalmente quedou en iso, promesas incumpridas, só hai que ver a Praza de O Cruceiriño , a situación de cada rúa, na que evidentemente cada propietario/a colabora limpando e fai o que pode por manter limpo o entorno da zona onde vive.

En relación das beirarrúas , descoñecemos a onde vai a chegar esta demora , a piques de cumprirse un ano e non se adianta un só metro. As queixas son constantes e a preocupación moito maior por parte dos veciños que se dirixen ao Grupo Socialista.

O grupo municipal socialista de Ribadavia Solicitamos que con carácter urxente, se dea solución a todas estas eivas da parroquia de Francelos na maior brevidade posíbel, xa que está a causar moi mal estar entre a poboación e o turismo que visita o lugar.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Cédula de citación do Xulgado Social nº3 de Ourense , procedemento ordinario 146/2020 , citando como demandado ao concello de Ribadavia, en relación a demanda de recoñecemento de dereito formulada por don Ramón Vila Garrido.

A xunta de goberno acorda personarse no procedemento ordinario 146/2020 ante o Xulgado do Social nº 3 de Ourense, nomeando como letrado a don Jorge Pulido Parga.

Cédula de citación do Xulgado Social nº3 de Ourense , procedemento ordinario 147/2020 , citando como demandado ao concello de Ribadavia, en relación a demanda de recoñecemento de dereito formulada por don Diego Ibáñez González.

A xunta de goberno acorda personarse no procedemento ordinario 147/2020 ante o Xulgado do Social nº 3 de Ourense, nomeando como letrado a don Jorge Pulido Parga.

-Escrito da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo en contestación a oficio do concello de Ribadavia sobre a viabilidade de implantación en solo rústico de especial protección agropecuaria nunha parcela destinada a viñado dunha actividade sociocultural , promovida pola cooperativa Viña Costeira.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 1º TRIMESTRE DO 2020.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 1º trimestre do 2020, por importe de 49.262,58 euros, tarifa de depuración por importe de 9.549,06 euros, máis 5.894,40 euros de IVE, resultando un total de 64.706,04 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa

de depuración de residuais, correspondente ao 1º trimestre do 2020, por importe de 18.343,22 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 8.172,19 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 8.029,02 euros.- Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 1 de abril e o 20 de maio de 2020”.

Contrato menor mixto de subministro e de servizos para a piscina municipal de A Veronza.

Sendo necesario en relación á piscina municipal de A Veronza o cumprimento do establecido polo Real Decreto 742/2013 e o Decreto 103/2005 de 6 de maio e outras normativas de aplicación, xustificando o cumprimento de dita normativa o esixido polo artigo 118.2 da LCSP.

Considerando que non se produce fraccionamento nin alteración do obxecto do contrato.

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para proveer o necesario.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 17 de xuño de 2019.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos., sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras,servizos e subministros centralizados no ámbito estatal.

118.2 Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión de un informe polo órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto con fin de evitar a aplicación dos umbrais descritos no apartado anterior.

131.3 Os contratos menores poden adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

16.1 Son contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, arrendamento financeiro ,ou o arrendamento , con o sen opción de compra de produtos ou bens mobles.

17 Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenrolo dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou dun subministro, incluíndo aqueles en que o adjudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

18.1 Entenderase por contrato mixto aquel que conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase.

Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación dos contratos mixtos cuxo obxecto conteña prestacións de varios contratos regulados nesta lei, estarase as seguintes regras.

A)Cando un contrato mixto comprenda prestacións propias de dous o máis contratos de obras, subministrados ou servizos atenderase o carácter da prestación principal.

A xunta de goberno por unanimidade acorda:

Contratar con Lincold Ibérica o subministro de produtos químicos, materiais e outros servizos para o tratamento e mantemento da piscina municipal A Veronza por un importe total ,IVE engadido de 5.800 euros.

Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares para o presente contrato, que se consideran parte integrante do mesmo con carácter vinculante para o concello e o contratista e copia das cales notificaranse ao contratista co acordo de adxudicación.

Aprobar o gasto por importe de 5.800 euros con cargo ao vixente orzamento.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

Contrato menor de servizos de explotación, instalación e mantemento de máquinas expendedoras nas instalacións deportivas municipais.

Sendo necesario en relación ás instalacións deportivas municipais a instalación , explotación e mantemento de máquinas expendedoras que faciliten o acceso a determinados produtos dos usuarios das instalacións deportivas municipais.

Considerando, aos efectos previstos no artigo 118.2 da LCSP, que o contrato permite a prestación dun servizo aos usuarios e usuarias dos centros deportivos municipais que , de outro xeito non se prestaría, e que xenera ingresos , non coste, para o concello.

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para proveer o necesario.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 17 de xuño de 2019.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministrados ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación á contratación centralizada de obras ,subministrados e servizos no ámbito estatal.

118.2 Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión de un informe polo órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto con fin de evitar a aplicación dos umbrais descritos no apartado anterior.

131.3 Os contratos menores poden adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

17 Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenrolo dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou dun subministro, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obriga a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

A xunta de goberno local ,por unanimidade, acorda:

Contratar con Rofervending SL o contrato de servizo de explotación, instalación e mantemento de máquinas expendedoras nas instalacións deportivas municipais polo prazo dun ano , debendo abonar o concesionario un canon anual de 300 euros, rexendo o prego de prescricións técnicas formulado polo Director do Servizo Municipal de Deportes, obrante no expediente que se incorpora ao contrato outorgandole carácter contractual e do cal se lle dara traslado ao adxudicatario, coa notificación da adjudicación.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS PERSONALES PARA LA PRESTACIÓN DEL OBJETO DEL CONTRATO DE SERVICIOS DE COLABORACION Y ASISTENCIA EN EL FUNCIONAMIENTO, CONSERVACIÓN Y MANTENIMIENTO DEL APARCAMIENTO DE LA ALAMEDA DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA.

De conformidade con lo establecido en el artículo 116.4.f) de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público. La Junta de goberno local, órgano de contratación por delegación de alcaldía de fecha 17 de junio de 2019, acuerda:

Acreditar que no existen medios personales para afrontar la necesidade propuesta consistente en la prestación de colaboración y asistencia en el funcionamiento, conservacio y mantenimiento del aparcamiento de la Alameda del ayuntamiento de Ribadavia por lo que se hace necesario celebrar un contrato de servicios..

Publicar el informe de insuficiencia de medios en el perfil del contratante de conformidad con lo establecido en el artículo 63.3.a) de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre de Contratos del Sector Público.

APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE CONTRATO DE SERVICIOS DE COLABORACIÓN Y ASISTENCIA EN EL FUNCIONAMIENTO, CONSERVACIÓN Y MANTENIMIENTO DEL APARCAMIENTO DE LA ALAMEDA DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA.

Examinada la documentación que la acompaña, visto el informe de Secretaría, y de conformidad con lo establecido en la Disposición Adicional Segunda de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, en ejercicio de competencia delegada por decreto de alcaldía de 17 de junio de 2019,

RESUELVO

PRIMERO. Aprobar el expediente de contratación, mediante procedimiento abierto para el CONTRATO DE SERVICIOS DE COLABORACIÓN Y ASISTENCIA EN EL FUNCIONAMIENTO, CONSERVACIÓN Y MANTENIMIENTO DEL APARCAMIENTO DE LA ALAMEDA DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA, convocando su licitación.

SEGUNDO. Aprobar los Pliegos de Cláusulas Administrativas Particulares y de Prescripciones Técnicas que regirán el contrato.

TERCERO. Aprobar el gasto correspondiente a la anualidad de 2020 por importe de 73.302.65, para lo cual existe dotación presupuestaria adecuada y suficiente en el vigente presupuesto municipal.

CUARTO.-Publicar el anuncio de licitación en el perfil de contratante con el contenido contemplado en el anexo III de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

QUINTO. Publicar en el perfil de contratante toda la documentación integrante del expediente de contratación, en particular el pliego de cláusulas administrativas particulares y el de prescripciones técnicas.

E sendo as doce horas e quince minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO